



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 10 DE XANEIRO DE 2014.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día vinte e dous de outubro do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. Miguel Angel Español Otero**

**Non asiste a concelleira: D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.-**

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 22 de novembro de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

#### **PUNTO 2.- ACORDOS.-**

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de DECEMBRO de 2013 cuido importe total ascende a cantidade de 842,16 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de DECEMBRO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dáse conta do informe do asesor xurídico do concello relativo á sentenza dictado o 5 de decembro de 2013, polo Xulgado do contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso administrativo nº 304/2012, entaboado pola Comunidade Hereditaria de D. Ignacio Álvarez Álvarez.

A Xunta de Goberno Local acorda darse por informada do contido da sentenza que se comunica o 5 de Diciembre de 2013, decidindo entablar recurso de apelación contra a mesma ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Así mesmo, a fin de que no seu día si é confirmada, se inicien os trámites pertinentes para a reclamación do pago da indemnización á Aseguradora Mafre. Que se de traslado do seu contido ós departamentos de Tesourería e Intervención e Urbanismo para que contemplan esa cantidade nos orzamentos e sexa pagada dentro das súas posibilidades porque o recurso de apelación solo se vai a referir á data de devengo dos intereses.

Lese o escrito RE 6665 de data 16 de decembro de 2013, presentado por D<sup>a</sup>. JOSEFINA ÁLVAREZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Laxes nº 21 da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga do obxecto tributario Laxes nº 21 correspondente o 3º trimestre de 2013 por unha media ponderada, dado que se produciu unha avaría que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 3º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 6967 de data 30 de decembro de 2013, presentado por D. ARMANDO PÉREZ MARTINEZ, con enderezo na rúa Laxes nº 11, bj da Guarda, solicitando que se lle emitan os recibos de auga do obxecto tributario Laxes nº 11, bj, correspondentes o 3º e 4º trimestre de 2013 por unha media ponderada, dado que se produciu unha avaría que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anulen os recibos anteriores e emitan uns novos para o 3º e o 4º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 6625 de data 5 de decembro de 2013, presentado por D. JERONIMO GARCÍA ADROVER, con enderezo na rúa Bujan-Lada nº 11 da Guarda, solicitando a revisión do contador do obxecto tributario Bujan-Lada nº 11.

O Concelleiro de servizos informa de que este asunto xa esta solucionado.

Dáse conta do escrito RE 6926 de 26 de decembro de 2013, presentado por D<sup>a</sup> MARÍA DOLORES VILLA RIVERO, domiciliado en Caselas 4, de O Rosal, solicitando a baixa do posto 5 da planta alta da Praza de Abastos do que é titular, con data 31/12/2013.

A Xunta de Goberno Local acorda dar de baixa o porto con data 31/12/2013, comunicándoselle esta acordo á Tesoureira Municipal.

Lese o escrito RE 19 de data 02/01/2014 remitido pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia, solicitando datos das licencias de apertura de comercios na Guarda para o Rexistro Galego de Comercio.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito ós servizos de urbanismo.

Dáse lectura ó escrito RE 6952 de 22/12/2013 presentado por D. RICARDO MARTINEZ MARTINEZ, domiciliado na rúa Jose María Sesto nº 29, en reclamación do consumo de auga do 3º trimestre de 2013.

A Xunta de Goberno acorda que se lle aplique o consumo mínimo de 15 m<sup>3</sup>.

Lese o escrito RE 5439 de 08/10/2013, presentado por D. MARTÍN MAGALLANES MARTINEZ, domiciliado na rúa Vicente Sobrino nº 12, explicando un problema co abastecemento de auga do Hotel Elimar.

A Xunta de Goberno acorda solicitar informe ó fontaneiro municipal.

Lese o escrito RE 90 de 08/01/2014 presentado pola ASOCIACIÓN CULTURAL ART FEST, domiciliada na Praza do Reló nº 6 de A Guarda, informando da intención de levar a cabo os días 11 e 26 de xullo de 2014 o evento cultural ARTFEST, e para o que terán unha xuntanza co concello.

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

Dáse conta da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e o Concello para a realización das obras de posta en valor do Castelo de Santa Cruz.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Lese o escrito R.E. nº 6164 de data 13/11/2013 presentado por D<sup>a</sup>. M.P.G., con enderezo na rúa Manuel Álvarez nº 32, 1º C da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Manuel Álvarez nº 32, 1º C.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Dáse conta do escrito RE 6791 de 16/12/2013, presentado por D. IGNACIO PEREZ SALINAS, domiciliado na rúa Galicia nº 85, 3º C, expoñendo unha serie de feitos producidos durante as pasadas festas do Monte, pola colocación do palco na rúa Galicia na fronte do edificio da súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local acorda darlle traslado do mesmo á Asociación que leva a cabo as Festas do Monte.

Dáse conta do escrito RE 6971 de 30/12/2013, presentado pola Sociedade Atlética do Trega, con domicilio en Couto nº 19, Camposancos, solicitando que no próximo orzamento municipal sexa consignada unha aportación económica para esa Sociedade.

A Xunta de Goberno Local, dáse por informada e acorda comunicarlle deberán cumprir os requisitos establecidos para a constitución das asociacións e poder optar a estas subvencións.

Lese o escrito RE 6847 de 19/12/2013, presentado por D. SANTIAGO LIMA AMEAL, domiciliado na rúa Tui nº 2, 3º C de A Guarda, solicitando copia do proxecto de actividade que se esta a tramitar para un Café Bar Especial situado na rúa Orense nº 8, por ser veciño afectado.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, dando traslado ós Servicios de Urbanismo para que lle sexa facilitada.

Dáse lectura ó escrito RE 41 de 03/01/2014 remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, comunicando a non autorización para a colocación dun monolito no Monte Trega, que solicitara a Comunidade de Montes en Man Común da Guarda.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Municipal dáse por informada.

Lese o escrito RE 40 de 03/01/2014 remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, comunicando o remate do control e seguimento arqueolóxico da construción do carril bici na estrada PO 552.

A Xunta de Goberno Municipal dáse por informada.

Lese o escrito RE 6956 de 27/12/2013, remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade relativa a normativa de venda en mercados ocasionais ou periódicos.

A Xunta de Goberno Municipal dáse por informada.

Lese o escrito RE 6690 de 11/12/2013, presentado por D<sup>a</sup> ROSA MARTINEZ ALVAREZ, domiciliada na rúa Coruto Viejo nº 50, relativo ó funcionamento do contador do abastecemento de auga.

A Xunta de Goberno acorda solicitar informe ó Fontaneiro Municipal.

Lese o escrito RE 6717 de 12/12/2013, presentado por D<sup>a</sup> CARMEN DIEGO RODRIGUEZ, domiciliada na rúa Donantes de Sangre nº 17, relativo ó funcionamento do contador do abastecemento de auga.

A Xunta de Goberno acorda solicitar informe ó Fontaneiro Municipal.

*Sendo as trece hora e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*